



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MÚSICA OPERÍSTICA EN 2026 COA REPRESENTACIÓN DA ÓPERA *JENŪFA*

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ten previsto formalizar coa Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña o instrumento convencional anteriormente referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o financiamento pola Agadic de actividades de difusión e promoción da música operística promovidas pola Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña, que trae a Galicia a ópera *Jenŭfa*, de Leoš Janáček, que se representará os días 17 e 19 de setembro de 2026 no Palacio da Ópera da Coruña, con José Miguel Pérez-Sierra como director musical, Emiliano Suárez como director de escena, e un elenco formado por Vanessa Goikoetxea, Eliša Weissová, Alejandro Roy, Joan Lainez, Marianne Cornetti, Javier Agudo, Andrea Varela, Belén Vaquero, Gabriel Alonso e Ruth González e coa participación da Orquesta Sinfónica de Galicia e o Coro Gaos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña foi a organizadora, durante máis de sesenta anos, das sucesivas edicións do Festival da Ópera da Coruña, consolidado como un sólido programa especializado deste xénero artístico que o converteu no decano dos festivais de ópera en España e nun dos referentes musicais galegos por excelencia, unha actividade considerada única na nosa comunidade e unha das marcas culturais galegas máis consolidadas. E como fiel herdeiro das bases dese festival, a Asociación Amigos de la Ópera segue traballando coa intención de afianzar na nosa comunidade unha programación operística de carácter estable e do máximo nivel que traia a Galicia os títulos máis representativos deste xénero artístico.

Galicia conta cun tecido cultural vigoroso, que leva dando mostras dunha extraordinaria calidade, moi particularmente no ámbito musical, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer.

A Agadic considera esencial ao apoio ao desenvolvemento deste proxecto, como unha maneira de preservar e difundir a cultura galega, e en especial o xénero lírico, intentando





acadar, deste xeito, unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo, o de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, e que enriquece, sen dúbida, o noso patrimonio operístico.

O carácter específico da actuación, o intenso traballo para traer a Galicia unha das obras fundacionais do teatro musical moderno, o labor da asociación durante os máis de setenta anos de existencia, que a consolidou como punto de referencia da actividade musical a nivel nacional e internacional, así como o feito de atoparse esta iniciativa dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das industrias Culturais, xustifica a concesión desta subvención mediante a formalización do convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

